



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ACORDO DE MODIFICACIÓN E PRÓRROGA PARA O ANO 2017

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA, PARA A ATENCIÓN RESIDENCIAL DE MENORES NO CENTRO "EMILIO ROMAY".

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 176/2015, do 3 de decembro polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela dos/das menores en situación de risco ou desamparo.

A Deputación Provincial da Coruña está rexistrada co número E-1335 no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Política Social e dispón do centro de menores Emilio Romay, situado na Avenida Ferrocarril, 43 na Coruña. Neste centro préstanse servizos a menores en situación de desamparo ou marxinación que, por diferentes causas socio-familiares e persoais, non poden, aínda que sexa temporalmente, ver cubertas todas as súas necesidades, tanto materiais coma afectivas, educativas, etc. na súa propia familia. Con este obxecto asinouse o día 1 de marzo de 2013 un convenio de colaboración entre a deputación provincial e a consellería.

No cláusula Segunda do convenio faise referencia ao tramo de idades de atención de usuarios do centro, establecéndose os 6 anos como idade límite na prestación do servizo que supón un condicionante para os equipos técnicos do menor cando se trata de dar resposta á demanda de atención residencial de menores no tramo de idade ata os 12 anos na comarca da Coruña, por iso no interese superior das persoas menores, usuarios deste servizo, estando ambas as dúas partes de acordo, compre ampliar esa idade límite establecida no convenio ata os 12 anos. Dita iniciativa tamén contribuíría a evitar a separación entre grupos de irmáns nun tramo de idade tan importante no desenvolvemento da personalidade afectiva das persoas menores, o cal vai en contra da consecución dos fines previstos no convenio.

Por outra banda na cláusula décima do convenio establécese a vixencia ata o 31 de decembro de 2013 e a posibilidade de prorrogalo por acordo expreso das partes por períodos sucesivos non superiores cada un deles a un ano, sendo o último deles prorrogado ata o 31 de decembro de 2016, todo iso condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes e ao transcurso dun ano desde á súa sinatura.

Na súa virtude, e tendo en conta o importante labor que está a desenvolver esta institución na atención de menores, ambas as dúas partes, no nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ACORDAN

Primeiro.- *Modificar a cláusula Segunda do convenio que desde a entrada en vigor deste acordo, queda redactada como segue:*

“SEGUNDA: *Para a execución do convenio a Deputación Provincial da Coruña ofrécelle á Consellería de Traballo e Benestar (actualmente Consellería de Política Social), que acepta, 25 prazas distribuídas en tres módulos ou unidades de convivencia, da forma seguinte:*

- *Un fogar de acollemento residencial para nenos/as de 0-15 meses.*
- *Dous fogares de acollemento residencial para menores de 15 meses a 12 anos*

Nos diferentes módulos atenderase indistintamente a menores en réxime residencial ou en réxime de atención de día, estimándose inicialmente a necesidade nun 75 % (18 prazas) de internado e nun 25 % (7 prazas) de atención de día.

Os nenos e nenas con necesidades especiais ocuparán unha ratio de dúas prazas no fogar onde estean adscritos.

Reservaranse dúas prazas, unha no fogar de 0-15 meses e outra nun fogar de 15 meses a 12 anos, para ingresos de urxencia que serán cubertas segundo as instrucións que ao respecto dite a Consellería..

A idade cronolóxica de referencia, ata os quince meses, para o traslado dos bebés dun fogar a outro, poderá prorrogarse tomando en consideración as necesidades dos/as nenos/as, tales como:

- *O desenvolvemento evolutivo do neno ou nena, considerando se está preparado para convivir nun grupo de nenos maiores.*
- *O estadio da súa situación familiar: previsión de baixa inminente ou non.*
- *A existencia ou non de irmáns noutros fogares.*
- *A carga asistencial noutros fogares derivada da presenza dun número de nenos pequenos que non favoreza a súa integración.*
- *Outras circunstancias que se estimen no seu favor.*

Teranse en conta, igualmente, as necesidades dos/as nenos/as no caso de superar o límite de idade de seis anos.

A Consellería de Traballo e Benestar (actualmente Consellería de Política Social) poderá autorizar, de xeito excepcional, un ingreso que supoña sobreocupación respecto das prazas concertadas, sempre que se garanta dispoñibilidade de medios persoais e materiais para a axeitada atención do/a menor. A dita sobreocupación no suposto de ser concedida, non poderá ser superior a 3 meses, agás causas que o xustifiquen, logo de informe do equipo técnico do menor.”

A inclusión desta Modificación no convenio non supón incremento do orzamento.





DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Segundo.- Prorrogar o convenio de colaboración por un ano e con efectos desde o 1 de xaneiro do 2017 ata o 31 de decembro do mesmo ano, data na que se dará por rematada a vixencia do convenio, conforme á disposición adicional octava da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- O importe previsto da prórroga do convenio de colaboración para o ano 2017 é de **153.614,99 €**.

Este importe revisarase conforme ao establecido no clausulado do convenio de colaboración e de acordo coa Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española.

Este gasto financiarase con cargo á partida orzamentaria **12.02.312B.228**.

Cuarto.- Este acordo de prórroga entenderase condicionado a que, unha vez aprobados os orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2017, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no intre da súa sinatura, quedando ademais condicionado á existencia de crédito orzamentario suficiente nos devanditos orzamentos xerais.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este acordo de adenda e prórroga do convenio de colaboración para o ano 2017, por cuaduplicado exemplar, no lugar e data abaixo indicados.

Santiago de Compostela, a 30 de decembro de 2016

**O conselleiro
de Política Social**



José Manuel Rey Varela

**A Deputada de Benestar Social,
Educación e Políticas de Igualdade
de Xénero,** en virtude das Resolucións da
Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015

a 29 de setembro de 2017



Ánxela Franco Polo

